

A LOITA POLA EDUCACIÓN NO RURAL GALEGO: UNHA TEIMA QUE NON ACOUGA. APUNTAMENTOS PARA UNHA HISTORIA DO PERÍODO 1975-2014¹

THE FIGHT BY THE EDUCATION IN THE GALICIAN RURAL FIELD: A COMMITMENT WITHOUT REST. NOTES FOR A HISTORY OF THE PERIOD 1975-2014

Alicia López Pardo

Mestra, membro da Mesa Galega de Educación no Rural

alicia.lp@terra.com

Francisco Xosé Candia Durán

Equipo de investigación SEPA, Universidade de Santiago de Compostela

francisco.candia@usc.es

RESUMO

Un asunto tan complexo e ao tempo tan transcendente para o país galego como é o da educación no ámbito rural precisa, agora que xa levamos percorrido un treito do século XXI, unha visión retrospectiva e ao tempo crítica que poña o acento nos fitos máis destacables que singularizaron a historia da súa defensa, cos seus avances e retrocesos, desde a década dos 70 do século pasado ata os tempos que vivimos. Neste artigo intentamos pois ofrecer as referencias imprescindibles para caracterizar minimamente aqueles colectivos docentes que enfrontaron, desde o rigor pedagóxico e o compromiso comunitario, o estudo e a defensa do medio rural galego, e que batallaron no plano intelectual e na acción directa nas aulas, por unha educación digna, xusta, pública, de calidade, e adaptada ao contexto rural, ás súas xentes e á súa lingua e cultura propias.

Collendo o fío da memoria a través destas catro décadas iremos desvelando e analizando acontecementos, algúns case esquecidos, que permitan dar a entender e poñer de manifesto o relevante papel histórico desempeñado polos diferentes movementos sociais que se configuraron a prol da educación no rural. Entre eles ocupa un posto meritorio a Mesa Galega de Educación no Rural, unha organización nacida como plataforma representativa das reivindicacións dos colectivos profesionais neste eido; con case vinte anos de percorrido ás súas costas, hoxe aínda é escasamente coñecida. En xustiza coa relevancia do seu cometido cómpre que nesta contribución deixemos mínima constancia das súas achegas e da súa traxectoria, que nos ligará coa actualidade, un tempo incerto que nos permite acubillar tanto esperanza

Recibido: 10/XI/2014. Aceptado: XI/2014

¹ Nesta publicación, a través do grupo de investigación SEPA (Pedagogía Social e Educación Ambiental) da Universidade de Santiago de Compostela, colabora a Rede de Grupos de Investigación RINEF-CISOC (Rede de Investigación en Educación e Formación para a Cidadanía e a Sociedade do Coñecemento), financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galiza.

(ao revisar o labor que veñen desempeñando docentes e comunidades rurais) como desilusión (se consideramos o tipo de atención habitualmente dispensada polas administracións á educación no rural).

Palabras chave: Educación en Galiza, educación rural, escola rural, concentración escolar, escola unitaria, CRA, medio rural, Mesa Galega de Educación no Rural, MRP, Preescolar na Casa.

ABSTRACT

Such a complex and yet so transcendent for Galician country such as education in rural areas needs, at this point of the twentieth century, hindsight and at the same time, criticism that emphasizes on the most important milestones in the singular history of its defense, with its ups and downs, from the 70s of last century to the times we live.

In this article we try to offer the indispensable references to characterize minimally those teaching communities that confronted, from the pedagogical rigor and the community commitment, the study and the defense of the Galician rural field, and that fought intellectually and with their direct action in the classroom for one, fair, public, decent quality education, and adapted to the rural context, to its people and its language and culture.

Taking the thread of the memory through these four decades, we will be revealing and analyzing events, some almost forgotten, that allow to suggest and highlight the important historical role played by the various social movements that were set to defend the rural education.

The *Mesa Galega de Educación no Rural* (Galician Board of Rural Education) holds a worthy place among them, an organization born as a representative platform for the demands of professional groups in this matter; with nearly twenty years of travel behind, today is still poorly known. To do justice to the importance of its mission, it is necessary that we offer in this contribution a minimum record of its contributions and its path, which bind us to the present, an uncertain time that gives us hope (as we review the work performed by teachers and rural communities) and disappointment (considering the kind of attention usually dispensed by governments to education in rural areas).

Keywords: Education in Galicia, rural education, rural school, school concentration, unitary school, CRA, rural field, Mesa Galega de Educación no Rural, MRP, Pre-School at Home.

1. OS COMEZOS DAS LOITAS ORGANIZADAS NA DEFENSA DA ESCOLA RURAL, NA DÉCADA DE 1970

Coa intención de planificar a execución da reforma educativa aprobada en 1970 (Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, BOE de 6 de agosto) de maneira “adaptada” ás peculiares circunstancias de Galiza, meses máis tarde o Ministerio de Educación e Ciencia (en adiante, MEC) presenta o documento coñecido como “Plan Galicia”. Este plan esixía un investimento importante tal que permitiría mellorar as condicións físicas e infraestruturais nas que se desenvolvía a escolarización na nosa terra, ao tempo que buscaba compensar a desigualdade en cobertura educacional que padecía a poboación galega (especialmente a da zona rural) en relación con outros territorios do Estado.

Diversas circunstancias impediron que os obxectivos do plan se materializasen (polo menos coa orientación, celeridade e extensión xeográfica desexadas pola comunidade educativa rural) polo que, mediada a década dos 70, e en virtude do abandono que de facto sufría a escola no medio rural galego (máis que abandono, acertadamente algúns protagonistas denominárono desmantelamento,

ou cambio por derrubo, proceso que permaneceu no tempo), comezan a abrollar no país iniciativas colectivas da comunidade educativa encamiñadas a chamar a atención da sociedade, pero sobre todo da administración, a fin de que esta corríxise a penosa situación na que se atopaba por aquela altura a escola rural.

1.1. As mestras da montaña lucense e o caso de Degrada

Así pois, diversos conflitos relacionados coa educación acontecen en varios puntos da xeografía galega, á par que nace un significado movemento cooperativo de mestras da montaña lucense, alá por 1975 (López Pardo e Vázquez, 2005). Este grupo de mestras, pioneiro a nivel galego polo seu compromiso coa educación e o desenvolvemento rurais (que xa entendían como conceptos indesligables), enfróntase á planificación da administración educativa, sinistra para o medio rural galego. Baixo supostos presupostos de mellora pedagóxica, eficiencia organizativa e aforro económico, o plan do goberno pretendía eliminar as escolas unitarias da alta montaña, e concentrar o alumnado destas zonas en macro-centros escolares afastados dos domicilios dos/das escolares, quen debían ingresar en réxime de internado nas escolas-fogar. Nos inicios do funcionamento destes centros, centos de nenos/as dos municipios da montaña lucense foron apartados dos seus fogares e acabaron internados. Representativas deste modelo de planificación educativa na provincia de Lugo foron, por poñer dous exemplos, a Escola-Fogar de Ferreira do Valadouro, ou a de Sarria, á cal nos referiremos a seguir.

Merece a pena traer aquí a colación, e revisar, un caso tan ilustrativo como o de Degrada, aldea dos Ancares pertencente ao Concello de Cervantes, situada a 1.400m de altitude e comunicada por pistas de notable perigo naquel momento. Entre os anos 1975 e 1978 había trinta nenos/as desta aldea trasladados internos á Escola-Fogar de Sarria. Dada a distancia Sarria-Degradada e o mal estado das comunicacións naquela época, con escasas pistas transitables e falta de vehículos adaptados, ao que se sumaban as dificultades climatolóxicas nesta zona de montaña, era normal que estes nenos e nenas só foran ás súas casas nas vacacións longas, sendo as visitas das familias á escola-fogar case unha rareza.

Con tal matrícula de nenos nunha aldea de circunstancias tan peculiares non se concibía que a administración non dispuxese alí dunha escola. Ante situación tan inxusta diferentes docentes e outras persoas vencelladas ao caso apoiaron a causa da veciñanza de Degrada, que demandaba unha solución urxente. Despois de numerosas reclamacións, o Servizo de Inspección Educativa de Lugo comprometeu a creación dunha escola, e así no curso 1978-79 comézase coa habilitación dunha aula nun local propiedade dunha das familias afectadas, na que se escolarizaban as nenas e nenos de preescolar e primeira etapa da Educación Xeral Básica. Para o curso seguinte logrouse outra unidade provisional para que tamén as/os nenos da segunda etapa que estaban internos en Sarria puideran volver á escola da súa aldea.

No mesmo momento, un proxecto pedagogicamente irracional para a zona (decidido, máis que por planificación educativa, por intereses caciquís), acelera a construción dunha escola-fogar

nun extremo do propio municipio de Cervantes, que traía aparelado o peche das pequenas escolas e o internamento neste centro da maior parte da infancia do concello. Como en Degrada as e os escolinos continuaban nos locais provisionais e polo tanto a veciñanza mantiña a loita pola construción da anunciada escola, os defensores desta alternativa comezaron a recibir incisivas presións para cesaren en tal empeño: tratábase de encher de alumnado a nova escola-fogar a toda costa. A pesar das ameazas sufridas e das precarias condicións nas que se desenvolveu aquela iniciativa das aulas habilitadas, mantívose a oposición das familias de Degrada, que en absoluto aceptaban internar os seus fillos e fillas na escola-fogar. Esta admirable postura de forza foi secundada tamén polas familias doutras aldeas do concello, que igualmente vían perigar a continuidade das súas pequenas escolas, pois aínda dispoñían de menos matrícula que a de Degrada.

1.2. O proxecto de escolarización para zonas de alta montaña

O activismo insólito que xorde no concello de Cervantes chegou a configurarse como unha resposta histórica na que se xunguiron coa veciñanza as mestras da montaña lucense, algúns cregos e outros axentes sociais da zona, que se opuxeron con firmeza a un plan suicida para a supervivencia da poboación da montaña. Esta mobilización deu como froito pedagóxico máis sobranceiro un proxecto particularizado para esta zona que se denominou “Proxecto de escolarización para as zonas de alta montaña lucense”, e que acabou considerándose posteriormente para zonas diversas do rural galego, e mesmo foi referencia para outras Comunidades Autónomas españolas con semellante problemática.

O proxecto estaba baseado en estudos (realizados coa colaboración de persoas expertas nos diferentes aspectos que trata o documento: sectores xeográficos, cartografía, demografía e economía da realidade da zona), a partir dos que se tecía un conxunto de criterios educativos e unha xeira de respostas pedagóxicas adaptadas ás particularidades das áreas de montaña, que ata o momento foran ignoradas pola administración. Así, no documento:

- Reclamábase a reestruturación dos proxectos de escolarización existentes, comezando pola descentralización das macro-concentracións escolares, xa que eran consideradas centros masificadores que diluían a identidade persoal dos nenos e nenas rurais, provocaban o seu desarraigo emocional e favorecían a perda dos referentes familiares e culturais.
- Suxeríase analizar a alternativa das pequenas concentracións ou mini-grupos, con servizos de transporte de vehículos pequenos ou todoterreo, e comedor escolar.
- Expoñíase a necesidade de definir zonas educativas segundo requirisen as diversas áreas xeográficas, o equilibrio territorial da poboación, e a adaptación á propia realidade zonal.
- Defendíase unha planificación escolar enfocada a achegar a escola á poboación, non á inversa, mantendo as criaturas preto da súa casa nas idades máis decisivas do seu desenvolvemento.
- Partíase ao mesmo tempo do principio pedagóxico (negado pola administración) de principiar a escolarización desde a lingua materna (naquela época prohibida no ensino e so-



Ilustración 1. Nenas e nenos da escola rural, descubrindo o seu medio.

metida a represión), e defender unha presenza digna da lingua galega na escola ata que se conseguise aprobar un decreto que garantira a súa normalización escolar.

- Argumentábase a necesidade de integrar escola e medio natural, procurando a sintonía do neno ou nena co seu medio, e a crianza no seu ambiente socio-afectivo, para o que era imprescindible o fomento da participación directa da familia na escola.
- Apostábase tamén por unha escola rural activa, que aproveitase os recursos humanos e naturais do contorno e actuase como axente de dinamización e revalorización da cultura rural.
- Recomendábase, finalmente, estimular o intercambio permanente de experiencias entre as escolas rurais. Recollíase así o labor innovador dalgunhas destas escolas que xa viñan desenvolvendo un traballo diferenciado baseado sobre todo na pedagogía Freinet e materializado en correspondencia escolar, proxectos cooperativos interescolares (por medio da elaboración dos primeiros periódicos escolaresc con “imprenta vietnamita”, ou de calendarios-póster), intercambios directos con visitas entre as escolas máis próximas e convivencias entre as de máis lonxe, organización de colonias de verán en praias marítimas, etc. Tendo en conta a característica de “grupo reducido” destas escolas, o documento consideraba de vital importancia para a socialización das e dos escolinos e a súa apertura a distintos ambientes, a realización de encontros, convivencias e excursións por dentro e por fóra de Galiza.

Este proxecto, resultado dun complexo proceso de acción cooperativa, acabou sendo unha iniciativa modélica de confluencia intelectual comunitaria certamente innovadora para a súa época, e mesmo para hoxe, pois parte do seu diagnóstico e das medidas correctoras propostas para a escolarización no rural galego, seguen a ser aínda válidas.



Ilustración 2. Os avós e avoas tamén entran na escola.



Ilustración 3. A cultura agropecuaria non está desligada da escola rural.

1.3. A extensión da loita pola escola rural no Concello de Cervantes e a Escola-Fogar de San Román

Pero para que o proxecto non quedase unicamente na fase de proposta a comunidade educativa protagonizou un intenso proceso de mobilización pública con manifestacións sen tregua para demandar da administración a súa consideración. Desde que o documento se presentara na Delegación de Educación da provincia de Lugo en 1977, non faltaron severas ameazas, acosos e algunha vinganza das forzas dominantes contra as persoas máis implicadas na defensa do proxecto, o que tivo como consecuencia imprevista pola administración o reforzo da negativa das familias de todas as escolas de Cervantes a internar os seus fillos/as na Escola-Fogar de San Román; o seu convencemento na defensa dunha alternativa xusta levounos mesmo a manter os nenos sen escolarizar durante tres meses. Como resposta a esta situación límite xorde unha solidaria acción dalgúns mestres e mestras que, desde unha concepción valente do voluntariado, desprázanse pola súa conta ás aldeas de Cervantes para atender no posible a aquelas escolinas e escolinos en espera dunha solución.

Fronte ao cariz que estaban tomando os acontecementos e vista a radical oposición dos habitantes dos Ancares, os responsables da administración educativa víronse na obriga de asumir certas demandas da comunidade, aceptando finalmente a habilitación dunha aula en Doiras mentres se poñía en marcha o plan de mini-grupos ou pequenas concentracións propostas para as aldeas de Doiras e Donís. Esta alternativa supuxo deixar baleiras as instalacións da xa construída Escola-Fogar de San Román, na que se tiña feito un investimento de recursos tan custoso como absurdo; o colexio de San Román quedaba pois limitado a acoller as nenas e nenos da localidade e de aldeas limítrofes.

É neste momento pois cando se pode afirmar que o caso de Cervantes representa un precedente significativo e un logro memorable da mobilización comunitaria a prol da escola no rural, digno de pasar á súa pequena historia.

2. PRIMEIROS GROMOS DE ORGANIZACIÓN DOCENTE A PROL DA EDUCACIÓN NO RURAL

No que segue tentamos remover a memoria dunha época (finais da década dos 70 e primeiros dos 80) de fonda reflexión pedagóxica e significado activismo social verbo da defensa do dereito a unha educación digna para o medio rural galego, por parte de certos colectivos docentes. É un momento feliz a nivel pedagóxico, no que se definen novos criterios educativos e se establecen principios alternativos, no que se experimenta, no que se innova e no que se actúa de xeito cooperativo, ao alento da pedagogía freinetiana.

Neste ambiente colectivo favorable á innovación pedagóxica agroman espontaneamente grupos de traballo e encontros (durante os meses do curso escolar, pero tamén nas escolas de verán, que xa entraban no escenario pedagóxico como actividades de formación permanente e de estímulo á experimentación), nos que se argallan os primeiros documentos reivindicativos solidarios. Non en van coinciden estes movementos co nacemento do programa “Preescolar na Casa” (1977), unha iniciativa feliz promovida polo párroco lucense Antonio Gandoy e que medrou nun clima propicio grazas á acción voluntaria de numerosas mestras e mestres que, con agarimo e moitas veces no

anonimato, achegaron o seu mellor saber facer a tan importante causa para a educación familiar dos nenos e nenas do rural galego.

No mesmo favorable ambiente dos anos que van de 1975 a 1985 prodúcese, dentro de Galiza, avances considerables a nivel de aperturismo pedagóxico, por suposto entre o profesorado, pero tamén na propia conciencia popular. Así, un dos grupos máis significados tanto pola súa diseminación xeográfica a nivel de Galiza, como polo seu activismo na actualización e formación continua do profesorado baixo un enfoque pedagóxico freinetiano, foi ACIES (Asociación para a Correspondencia e a Imprenta Escolar), que anos máis tarde pasou a denominarse MCEPG (Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega).

En torno ao grupo ACIES/MCEPG realizáronse desde finais dos 70 os seminarios máis avanzados do territorio galego no tocante a reflexión pedagóxica e elaboración de recursos didácticos². Esta circunstancia explica que os primeiros contactos con outros movementos de renovación pedagóxica (en adiante, MRP) doutras partes do Estado se realizaran a través dos congresos do “movemento Freinet”. Mediante este vínculo, Galiza estivo moi relacionada cos movementos estatais de escola rural, desde os que brotaron documentos iniciais de importancia. Pero ademais dos congresos anuais do movemento Freinet (alí Galiza participaba como grupo de traballo territorial), nos que existía un obradoiro específico conformado polo grupo de traballo de escola rural, as e os docentes galegos tamén teceron naqueles inicios dos anos 80 relacións con outros MRP de Cataluña, Canarias, Euskadi, Salamanca, La Rioja, etc. interesados pola educación no rural.

Entre Galiza e outras Comunidades Autónomas do Estado dábanse moitas coincidencias nas análises e reivindicacións xerais sobre a educación no rural, aínda que no caso galego existían agravantes debidos a circunstancias moi peculiares que requirían (e aínda requiren) unha planificación de maior complexidade. É certo que nas interpretacións sobre as alternativas que se defendían recoñecíanse diferentes tipos de escola rural, e cada un deles precisaba adaptacións específicas en varios aspectos; pero, ao tempo, tamén se identificaban unhas circunstancias comúns básicas que particularizaban a escola rural (en xeral) como subsistema diferenciado, subsistema que esixía procederes pedagóxicos baseados en dous principios complementarios:

1. Elasticidade, é dicir, flexibilización das concrecións pedagóxicas, as cales debían ir orientadas a ofrecer un ensino adaptado á realidade e aos intereses das nenas e nenos de cada escola.
2. Correspondencia, cunhas bases comúns que definiran, nun sentido xeral, a escola rural como sector específico.

Nos documentos que brotan nos encontros daquela época desenvólvense con precisión as implicacións para a docencia destes principios, pero á par tamén quedan alí reflectidas certas premisas previas ao traballo docente no medio rural, a saber:

² O MCEPG editou desde Vigo entre 1978 e 1981 uns poucos números de “As rolandas 2. Revista pedagóxica galega”, publicación freinetiana na que a educación rural mantiña unha notable presenza, e na que finalmente saíu publicado o “Proxecto de escolarización para as zonas de alta montaña lucense” (ao que nos referimos nun apartado anterior), concretamente nos números 1 (páxinas 10 a 13) e 2 (páxinas 18 e 19).

1. A renovación da escola rural ten que se establecer dentro da espiral dunha política de desenvolvemento consecuente co mundo rural.
2. A escola rural precisa dun marco xurídico-administrativo que a defenda.
3. É necesaria unha discriminación positiva en canto á dotación económica das escolas rurais, a fin de que o mundo rural saia do segundo plano ao que secularmente foi condenado.

Tamén se contemplou naqueles momentos a necesidade dun currículo axeitado para a escola rural, e de feito houbo un intento afortunado de poñer en negro sobre branco as condicións que o xustificaban, e as bases pedagóxicas sobre as que se debería elaborar.

O importante legado destas primeiras iniciativas espontáneas de organización docente a prol da educación no rural foi avanzando cara a novos modos asociativos que abrollaron finalmente co decorrer da década dos 80, cando algúns grupos de traballo máis activos no rural buscan proxectarse ao futuro a partir de estruturas organizativas máis ambiciosas³.

3. OUTROS PROXECTOS ALTERNATIVOS PARA A ESCOLARIZACIÓN NO RURAL GALEGO: O CASO DA COMARCA DE ORDES

Os movementos docentes e comunitarios a prol da educación no rural en Galiza seguiron mantendo durante a década dos 80 un pulso firme fronte ao panorama provocado pola aberrante aplicación dun sistema de escolarización importado, como era o da concentración. Así, tomando como referencia o proxecto que anos atrás se defendera para a montaña lucense, cos mesmos argumentos educativos e socio-culturais, e seguindo aquel tipo de planificación, fóronse xerando e defendendo outros proxectos pedagóxicos para outras zonas rurais de Galiza, alternativos á planificación oficial; e nalgúns casos conseguiuase a súa materialización a pesar das tentativas iniciais, contrarias, da administración educativa.

Ao respecto sirva de exemplo o tan soado caso da comarca de Ordes. No decorrer do ano 1984 actívase un grupo de mestres e mestras desta zona opostos a unha planificación escolar irracional que estaba provocando unha inaceptable masificación de alumnado nas concentracións da comarca (os colexios de Ordes, Ponte Carreira-Frades, Mesía e Oroso). Algúns destes centros foran construídos para catorce unidades, pero estaban a funcionar con vinte, ocupando os espazos de biblioteca, laboratorio, aula de psicomotricidade, e nalgún caso mesmo a casa do conserxe; outros

³ É o caso por exemplo daquel grupo de mestras da montaña lucense (1975-1984), parte de cuxos membros, xunto con outros docentes de escolas rurais da provincia, mantiveron o contacto pedagóxico durante anos, e que frutificou en diversas iniciativas sociais e pedagóxicas por toda Galiza. Unha delas, concretamente na provincia de Lugo, foi a formalización en 1983 do Colectivo Pedagóxico Estiño, que con máis de trinta anos ás súas costas aínda segue en activo centrado especificamente na educación en escolas rurais. A súa presenza pública significase na edición da revista escolar anual “Miuzallas”, pero especialmente na elaboración (a cargo das nenas e nenos das escolas rurais da provincia) dun fermoso calendario-póster solidario que cada ano versa sobre unha temática diferente referida á cultura rural galega, iniciativa pedagóxica que botou a andar en 1978 precisamente da man das mestras da montaña.



Ilustración 4. Viñeta 1 de Andrade.




Ilustración 5. Viñeta 2 de Andrade.

foran pensados para oito unidades e funcionaban con quince, nas mesmas condicións de falta de espazos elementais. No caso concreto do colexio de Ordes, visto que a matrícula desbordaba todas as instalacións internas, chegaronse a levar as aulas de preescolar a un deplorable edificio que fora cárcere (cun intelixente matiz sarcástico e en comparación co exitoso programa “Preescolar na Casa”, no colexio de Ordes dicíase que facían “preescolar no cárcere”). A cuestión do transporte escolar



Ilustración 6. Noticia de prensa sobre o documento elaborado polo profesorado da comarca de Ordes, a prol doutra planificación escolar na zona. Fonte: xornal La Voz de Galicia, 23 de xuño de 1985.



Ilustración 7. Noticia de prensa sobre o documento elaborado polo profesorado da comarca de Ordes, a prol doutra planificación escolar na zona. Fonte: xornal El Correo Gallego, 28 de xuño de 1985.

tamén raiaba no despropósito; había rutas nas que os nenos e nenas transportados sufrían cada día un traxecto de 54 km desde as súas casas ata o colexio de Oroso.

Ante unha anunciada proposta por parte da administración de ampliar daquelas concentracións baixo o mesmo nefasto modelo de concentración, no ano 1985 un grupo de docentes da zona elaboran e preséntanlle ao delegado provincial de Educación da Coruña un estudo realizado por eles (“Consideracións e aportacións a unha suposta reforma no mapa escolar dunha zona rural da provincia de A Coruña”). Este estudo prevé unha planificación escolar alternativa a partir da consideración de sectores xeográficos e da mancomunización de servizos, que transcendían os compresivos lindes municipais. Desde os seus inicios esta proposta acadou unha considerable repercusión mediática, pero provocou sobre todo a concienciación das familias respecto da situación que viñan padecendo os seus fillos e fillas.

O seguinte paso deste grupo docente consistiu en elaborar unha alternativa de planificación, agora xa concreta, que comprendía respostas específicas para reestruturar as grandes concentracións da zona (e deste xeito “desmasificalas”), a partir da conservación dalgunha escola parroquial que tiña boa matrícula e da creación de pequenas concentracións ou mini-grupos pola comarca. Despois dun ano agardando unha resposta oficial que non chegou, no 1986 o colectivo presenta na Consellería de Educación un proxecto totalmente concretado, plenamente desenvolvido e fortemente apoiado por centos de asinantes (docentes e veciñanza da zona afectada).

No seguinte curso, fronte a unha nova demora na resposta por parte da Consellería, e baixo o amparo dun documento tamén masivamente asinado pola colectividade, insítese de novo no asunto fronte á conselleira, á delegada e aos inspectores de zona. Así mesmo tramítase unha pregunta no

Parlamento de Galiza, a través dun representante parlamentario da oposición, sobre as “Necesidades de escolarización e proxectos de actuación nos concellos de Ordes, Oroso, Frades e Mesía”.

Hai que poñer de relevancia que na longa defensa deste proxecto foi imprescindible a forte implicación e a enteireza dalgúns docentes, dadas as resistencias virulentas que se desencadearon fronte a aquela reestruturación necesaria. A proposta docente afectaba a determinados intereses lucrativos arredor do monopolio do transporte escolar e da xestión dos comedores, o que provocou casos de inconcibibles acosos e ameazas contra algunhas das persoas significadas nesta loita.

Aínda que moitas das demandas da comunidade caeron en saco roto, afortunadamente e grazas a esta iniciativa, no caso do concello de Mesía conseguíuse finalmente unha planificación alternativa, unha reestruturación moi aceptable pola que a agrupación de Xanceda reduciu alumnado de preescolar e primeira etapa de EXB, e atendía a segunda etapa de EXB; tamén se creaba unha pequena concentración en Lanzá (referente para cinco parroquias), unha concentración parroquial de catro unidades en Visantón, unha mini-agrupación para dúas parroquias en O Cabezo-Olas, e mantiñáanse as escolas unitarias do Vedral, Mesía, Cabrui e Bascoi. En definitiva, un mapa escolar zonal no que estaban contempladas todas as tipoloxías de escolas que require unha planificación educativa sensata.

4. O NACEMENTO DA COORDINADORA DA ESCOLA RURAL DE GALIZA E AS XORNADAS DE FORMACIÓN E ANÁLISE SOBRE A ESCOLA RURAL

O activismo dos colectivos docentes a favor da escola rural na década dos 80 foi medrando ata o punto de facerse manifesta a necesidade dunha coordinación máis sistemática a nivel galego, e así, correndo o ano 1985, xa se dispoñía dunha estrutura organizativa materializada nunha xestora provisional da futura “Coordinadora da Escola Rural de Galiza” (facendo un salto no tempo, xa baixo tal denominación as e os docentes galegos participaron en 1989 no primeiro encontro da Coordinadora Estatal de Escuela Rural, en Madrid).

Naquel clima pedagoxicamente efervescente, con ensinantes batallando na defensa da escola rural (moitos ligados á Coordinadora da Escola Rural de Galiza e outros que participaban en grupos de traballo sobre o rural dos diferentes MRP), vai xurdindo a necesidade de afondar na reflexión mediante encontros e xornadas de formación específicas sobre a educación no rural.

4.1. Primeiras xornadas de escola rural

O MRP Nova Escola Galega (en adiante, NEG), que se tiña constituído en 1983 xa cun forte compromiso a favor da educación no rural a partir de referentes freinetianos, a través do seu grupo de traballo de escola rural asume un papel decisivo actuando de enlace cos demais grupos, e fomentando e amparando diferentes iniciativas de docentes rurais. Nesta tesitura, NEG decide organizar as “I xornadas de escola rural” (Compostela, 1986), nas que se conta con importantes documentos de apoio como:



Ilustración 8. Material das I xornadas de escola rural de NEG (Compostela, 1986).

- As conclusións da comisión de escola rural do “Primer congreso de renovación pedagógica” de Barcelona, de 1983.
- As conclusións das “Primeras jornadas de escuela rural” de Salamanca, de 1984.
- As conclusións e a declaración final das “Primeras jornadas de escuela rural” de La Rioja, de 1986.

Merece especial mención un dos foros temáticos destas primeiras xornadas galegas, titulado “Marco legal e situación actual da escola rural en Galiza: a escola rural galega, a grande esquecida”,



Ilustración 9. Noticia de prensa sobre as I xornadas de escola rural de NEG. Fonte: xornal La Voz de Galicia, 23 de maio de 1986.

no que se presenta un detallado estudo do profesor Antón Costa Rico que se publicou na Revista Galega de Educación baixo o título “Entre a vella e a posible escola rural galega” (1986).

Significamos tamén destas xornadas a análise da alternativa “Unha educación integrada de base para desenvolver o rural”, e o tratamento dun asunto tan prioritario naquel momento como era o “Desarrollo do mundo rural, mapas escolares e zonalización”; para afrontar este último tema tomouse como referencia o proxecto antes mencionado dos mestres da comarca de Ordes, así como o “Proxecto de intervención educativa para a Mancomunidade de Ordes”, realizado por dúas persoas licenciadas en ciencias de educación.

A estas primeiras xornadas, e a todas as que se organizaron posteriormente, convidouse (infructuosamente) aos representantes da administración educativa coa intención de que expuxeran os plans e os datos nos que se baseaba a súa acción de goberno, e ao mesmo tempo para que tiveran oportunidade de escoitar os argumentos que alí se defendían.

Aínda así, a participación de máis dun centenar de persoas, e a intensidade das análises realizadas nestas xornadas evidenciaban a necesidade da súa realización. De feito, nas propias conclusións xa se nota que alí deu comezo o proceso de consolidación das liñas pedagóxicas sobre a escola rural galega, que caracterizarían textos posteriores tales como o importante “documento base” da Mesa Galega de Educación no Rural. Nestas xornadas tamén se perfilou o modelo no que haberían de asentarse as seguintes xornadas.

Finalmente, nas primeiras xornadas fíxose patente a vontade de mellorar a coordinación de escolas e colectivos, de tal maneira que se tomou a decisión de axilizar a creación da desexada



Ilustración 10. Cartel das II xornadas de escola rural de NEG (Compostela, 1987).

“coordinadora”, iniciativa na que se continuou a traballar ata as seguintes xornadas.

4.2. Segundas e posteriores xornadas de escola rural

Ao ano seguinte, en 1987, NEG organiza as “II xornadas de escola rural”, tamén en Compostela, nas que de novo volven a participar colectivos diversos a prol da escola rural. Cun programa extenso e intenso na liña do anterior (relatorios, debates, experiencias, conclusións, etc.), a participación seguiu sendo numerosa e activa.

As “III xornadas de escola rural” de NEG realízanse en 1988 no Pazo de Mariñán (Bergondo), tamén cunha notable asistencia. Nestas xornadas, ademais de continuar afondando nas problemáticas das anteriores, por fin se entra a fondo na definición dun currículo propio para a escola rural e nas bases para desenvolvelo, enfocándoo cara a unha escola integrada. O encontro coincide no tempo coa primeira planificación experimental de Colexios Rurais Agrupados⁴ (en diante, CRA) elaborada pola



Ilustración 11. Cartel das III xornadas de escola rural de NEG (Mariñán-Bergondo, 1988).

⁴ Ata 1996 a súa denominación oficial en Galiza era “Colexios Públicos Rurais Agrupados”. A partir do Decreto 374/1996 (de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, DOG do 21 de outubro), perden o adxectivo “públicos” para concordar co nome que xa recibían noutras Comunidades Autónomas.

administración educativa, concretamente a realizada en Teo, Narón e Santa Comba, que se materializa na creación destes CRA piloto; nas xornadas cóntase co equipo docente de Teo e débátese sobre esta alternativa, quedando en evidencia as contradicións da administración á hora de dispoñer para os CRA unha dotación privilexiada en comparación co esquecemento que padecían as escolas unitarias; en definitiva, faise patente a urxencia dunha planificación xeral para toda Galiza.

Nestas xornadas tamén se pon de manifesto a necesidade de formalizar definitivamente a “Coordinadora da Escola Rural de Galiza”, cuxa xestora provisional viña manténdose desde dous anos antes; por fin acaba sendo alí constituída, cun perfil aberto ideoloxicamente e plural en termos de representatividade. Posteriormente a Coordinadora retoma os puntos de acordo destas terceiras xornadas e fai a súa primeira declaración pública de principios, sobre a reestruturación do sistema de concentracións demandando, primeiro, a busca dun novo sistema que “desmasifique” e devolva ao neno/a ao seu ambiente natural, e segundo, a concienciación e formación do profesorado de cara á transformación do seu labor nas escolas rurais con novos procederes no pedagóxico e no organizativo.

En xeral, os obxectivos que a Coordinadora acabou asumindo foron:

1. Artellar os esforzos de todos os e as ensinantes preocupados pola problemática da escola rural.
2. Apoiar e asesorar os grupos das diferentes zonas para a elaboración de mapas escolares e alternativas de escolarización.
3. Facer uso da súa representatividade diante da administración educativa, reclamando ser consultada e escoitada sobre todas as actuacións que afectasen ao rural.

En anos sucesivos seguiron outras xornadas, tamén baixo a responsabilidade de NEG, e coa colaboración dos colectivos participantes na Coordinadora.

Por fin en 1989 realizase en Gandía (Alacante) o histórico “II Congreso Estatal de MRP”, no que participa o grupo de traballo de escola rural de NEG, coa achega de varios documentos que viñan a reflectir, de facto, o dinamismo do colectivo docente galego na defensa da escola rural.

5. A CREACIÓN DOS CRA E A CONFRONTACIÓN COA SITUACIÓN DAS ESCOLAS UNITARIAS

Despois de que no ano 1986 o MEC promulgara o real decreto sobre a creación de CRA (R.D. 2.731/1986, de 24 de decembro, BOE de 9 de xaneiro), e de que a maioría das Comunidades Autónomas avanzaran a posta en marcha desta alternativa para ofrecer unha resposta sostible e de calidade para a escola rural, por fin no ano 1988 a Xunta de Galiza aproba o decreto sobre a constitución de colexios rurais agrupados de Educación Xeral Básica e Preescolar (Decreto 63/1988, de 17 de marzo, DOG de 18 de abril).

Por esa mesma altura comezan os primeiros contactos entre o profesorado que traballaba nos novos CRA, que anos máis tarde (1997) configurarían a “Asociación de Mestres de Colexios Rurais




Ilustración 12. Cartel do XI Foro AMCRAGA (Santa Comba, 2010).

Fonte: <http://www.glogster.com/angaraban/foroamcraga/g-6n15aps29sj63kn9uvo9ha0>

Agrupados de Galicia” (en adiante, AMCRAGA), que desde entón vén actuando como coordinadora de propostas, reivindicacións e intercambio de experiencias dos CRA galegos, para o que xa no curso 1989-90 comezou a organizar uns encontros ou foros “interCRAs” en diversas localidades do país, co obxectivo de contribuír á actualización pedagóxica das mestras e mestres dos CRA (reelaborado de Segovia, 2011: 3). A última edición foi o “XI Foro AMCRAGA” de 2010, realizado no CRA de Santa Comba.

O modelo CRA, que nun principio se presentaba como unha aposta esperanzadora para a educación no rural, limitouse a poñer en funcionamento (dotando adecuadamente) algúns CRA que cumprían certos requisitos. Ante esta situación, que en termos comparativos afectaba negativamente a moitas escolas unitarias e concentracións, desde a Coordinadora (e tempo andando, desde a Mesa Galega de Educación no Rural) propúxoselle á Consellería que considerase adoptar dúas alternativas, complementarias entre si: a extensión do modelo CRA ao conxunto do rural en caso de que resultara idóneo, e a procura doutros modelos de agrupamento rural do tipo “organización funcional”. En calquera caso esixíasele á administración que tomase con urxencia medidas que rematasen coa

discriminación que padecía o alumnado das escolas unitarias, medidas, en definitiva, que evitasen o seu peche. Non houbo éxito.

6. O PAPEL DA MESA GALEGA DE EDUCACIÓN NO RURAL

6.1. A entrada en escena da MGER

Polo ano 90, coincidindo coa época na que os MRP son animados desde o MEC e reciben axudas económicas, é cando se constitúe oficialmente a Confederación Estatal de MRP, dentro da que se crea a específica “Mesa Estatal de Escuela Rural” (cada Comunidade Autónoma tiña a súa propia organización neste asunto e todas elas se integraban na mesa estatal). Así, e despois do esmorecemento da anterior Coordinadora da Escola Rural de Galiza, co empuxe de NEG conxúntase a partir de 1996 unha nova plataforma coa denominación “Mesa Galega da Escola Rural” (en adiante, MGER), que participa en todas as reunións da mesa estatal, colabora na primeira publicación desta (“Trabajar en la escuela rural. ¿Trabajar en la escuela rural? ¡Trabajar en la escuela rural!”), libro de 1998), e mantén un papel activo nos congresos estatais de MRP, significándose a este respecto a numerosa presenza galega no congreso de Torremolinos de 1996, no que se establecen conclusións e reivindicacións sólidas referidas ao sistema educativo no ámbito rural⁵.

Esta integración na “mesa rural” da Confederación Estatal de MRP supuxo para a MGER un notable reforzo. Grazas aos considerables avances que en materia de política educativa específica para o rural estaban acontecendo noutras Comunidades Autónomas, nos momentos escuros que se atravesaron en Galiza púidose contar con acreditados referentes foráneos e con apoios rigorosos cando houbo que formularlle á nosa administración autonómica reivindicacións ou esixencias doutros modelos de política xeral e educativa para o territorio rural galego.

Hai que sinalar que no 1996, unha vez que o PSOE é substituído polo PP no goberno do Estado, os apoios do MEC á Confederación Estatal de MRP redúcense significativamente, quedando desmanteladas as mesas específicas nun momento da máxima actividade. Unha vez materializado aquel lamentable final “económico” da mesa estatal, voluntariamente desde NEG aínda se continuou durante un tempo en comunicación con grupos de traballo dalgunhas Comunidades Autónomas, pero ao non se dispor de fondos para costear viaxes e encontros non foi posible manter aquela Mesa Estatal de Escuela Rural que tanto e tan importante labor viñera desenvolvendo durante aqueles seis anos.

⁵ Nesta época tamén se constitúe a “Mesa Galega da Educación Infantil”, integrada así mesmo na Confederación Estatal de MRP. A referida “mesa infantil”, promovida desde NEG, apoiada especialmente por Preescolar na Casa, e na que participaron diversos colectivos e persoas defensoras da causa, tivo unha comprometida e significada acción durante os poucos anos que conseguiu manterse en funcionamento. Dentro do seu extenso cometido destacou polo intenso labor en defensa dun proxecto específico de atención educativa para o medio rural, en virtude do cal a entidade tiña asumido un proxecto xa existente que sondaba a procura de opcións novas, e que levara por título “Alternativa de atención educativa para a etapa infantil no medio rural galego”. Esta proposta fora elaborada, anos antes, por mestras e mestres relacionados co grupo de traballo da comarca de Ordes e de Preescolar na Casa.

6.2. Que é a MGER?

Concentrando xa a atención na natureza da MGER, esta quedou configurada desde os seus inicios polos MRP máis activos do territorio galego naquel momento (NEG especialmente, e tamén a Asociación Socio-Pedagóxica Galega), polas representantes dun programa tan significado na educación no rural galego como foi Preescolar na Casa, pola Coordinadora Galega de CRA, e polas organizacións sindicais máis representativas no ensino (CIG, CCOO, CSI-CSIF, STEG, FETE-UGT).

Agás unha paréntese na presenza dos CRA (estiveron uns anos sen implicación na actividade da MGER, pero na actualidade reanudaron a súa participación), todas estas entidades viñeron coincidindo durante estas case dúas décadas no cometido e no enfoque desta plataforma, representativa dos e das profesionais da educación rural. E así, ata os nosos días, a MGER vén desempeñando un labor coordinado, ás veces descoñecido pero imprescindible, a prol da educación no medio rural galego.

Son difíciles de enumerar as funcións que foi asumindo a MGER nesa longa traxectoria, pero en termos xerais poderíamos reducilas ás seguintes:

- Fundamentalmente veu sendo a voz de alarma pública que resoaba fronte á preocupante situación que sufriu (e aínda hoxe sofre) a educación no medio rural. A MGER sempre denunciou as consecuencias dalgunhas políticas educativas practicadas para o ámbito rural, ao tempo que advertía da urxencia dunha intervención responsable que puxese freo ás medidas destrutivas que se veñen executando desde hai décadas. Esta dinámica de denuncia de actuacións erradas cometidas polas diversas administracións educativas vese marcada por un acto que se repite infelizmente na historia da MGER a inicios de cada curso escolar: o enfrontamento ao teimudo empeño da administración educativa en pechar escolas unitarias.
- A MGER, na medida das súas posibilidades, intenta manter unha actividade permanente de busca de datos, que analiza e compara cos doutras Comunidades Autónomas que apostan por políticas educativas para o rural diferentes á galega.
- A partir do estudo desas alternativas, a MGER procura ofrecer respostas ben fundamentadas e adaptadas á nosa realidade, que dirixe ás persoas ou entidades con protagonismo neste campo (administracións educativas, representantes parlamentarios, universidades, etc.).
- Por fin a MGER encárgase da organización de xornadas de análise, reflexión e formación específica do profesorado para que poida exercer o seu labor con profesionalidade, responsabilidade e compromiso a prol da revalorización e dinamización do ámbito rural.

6.3. A MGER no seu contexto: unha organización necesaria

Nos tempos en que naceu a MGER, as escolas incompletas do medio rural galego (a maioría unitarias) sufrían un completo abandono por parte da administración educativa, que desenvolvía unha política firme orientada a fomentar o seu peche, estratexia baseada nun afán puramente económico e aplicada en practicamente todas as zonas rurais de Galiza.



Ilustración 13. Viñeta 3 de Andrade.

En resposta a esta planificación escolar, de novo prodúcense por todo o país protestas locais organizadas de familias e veciñanza defendendo a súa escoliña ameazada de peche. Á par, moitas concentracións escolares comarcais protestaban pola masificación que sufrían na etapa infantil provocada polo peche de unitarias. Noutros moitos centros comarcais, por contra, maniféstanse intereses corporativistas de colectivos de docentes que rexeitan a precariedade na que se atopan as unitarias e defenden que as mestras e mestres exerzan só en colexios; nesos casos apóiase de xeito decisivo o peche das unitarias da zona para incrementar a oferta de prazas na propia concentración escolar.

A consecuencia deste panorama caótico multiplícanse as familias que, condicionadas polo peche ou pola inestabilidade da súa escola, vense obrigadas a trasladar a residencia á vila ou cabeceira municipal a fin de evitar inhumanos transportes para a escolarización das crianzas; esta é unha das razóns clásicas (a da falta de servizos públicos) da hemorraxia permanente que padece a poboación no rural galego.

A ofuscada política xeral da administración para o medio rural definía, por suposto, a orientación que seguiu a política educativa. As nosas autoridades educativas estiveron moi lonxe de considerar a escola unitaria como modelo educativo óptimo e con posibilidades socio-pedagóxicas relevantes (así o preconizan Costa, 1986; Berlanga, 2003; Boix, 2004; Bustos, 2011; e outros moitos). A razón, tamén económica, foi negarse a poñer os recursos necesarios de profesorado de apoio e especialista para manter nas unitarias as etapas de educación infantil e educación primaria, tal como se estaba a facer nese momento noutras Comunidades do Estado. Tamén se negaron medios para dotar as escolas de infraestruturas en debidas condicións, ofrecer servizo de pequeno transporte (tipo taxi), ou satisfacer necesidades específicas que posibilitaran o desenvolvemento de proxectos de intercambio e socialización dos pequenos grupos.

Na mesma liña miope a administración non apoiou nin valorou proxectos pedagóxicos modelícos que se desenvolveron en moitas escolas unitarias, que noutras xeografías poderían ter sido referentes, pero que en Galiza foron obviadas por non encaixar cun certo cartesianismo da administración. O máis frecuente nestes casos era que desde o Servizo de Inspección (salvo algún inspector, que excepcións tamén houbo) se opinara negativamente sobre a calidade pedagóxica da unitaria en cuestión, e se aconsellara ás familias que levaran as criaturas ás concentracións, que ademais “competían” coa vantaxe do transporte e do comedor. No medio desta nefasta política chegaron a arbi-trarse medidas máis ou menos aberrantes segundo os intereses que primaban en cada caso; contadas veces se actuou seguindo criterios pedagóxicos defendidos polas familias e por algúns mestres/as a favor do mantemento das unitarias.

Foron tempos de infortunio (que acabarían superando as dúas décadas), nos que se tomaron medidas irreversibles de desprazamento de nenas/os a partir de tres anos ás agrupacións, en condicións ás veces denunciabes. En moitos casos a estratexia da administración era comezar apartando da unitaria ao alumnado de 1º ciclo de educación primaria, para evitar así completar a súa escolarización na unitaria con especialistas itinerantes; agardábase desta maneira poder pechar a escola a curto prazo por falta de matrícula en educación infantil, xa que as familias levarían as crianzas a un centro que lles asegurase desde o inicio un servizo completo; en suma, un círculo vicioso xerado desde a Consellería.

A nivel organizativo-pedagóxico á administración tampouco lle interesou implantar un modelo de “agrupacións funcionais” debidamente dotadas, ou ben estender o modelo CRA, debido ao custe que suporía incrementar profesorado itinerante, e tamén porque esixiría un regulamento de itinerancias (como existía na maioría das outras Comunidades Autónomas), mentres en Galiza nos poucos CRA existentes funcionouse durante máis de dez anos sen o regulamento que a propia MGER reclamou desde o principio.

A este abandono das escolas rurais veñen a sumarse as supresións de comedores escolares e as irregularidades no transporte escolar. En relación ao transporte, os percorridos trazados e as concesións a empresas con privilexios abusivos causaron con frecuencia diversos problemas, denunciados polas ANPA e as direccións dos centros, que esixían debidas condicións para a escolarización das e dos pequenos.

Resumindo, en ocasións as contradicións (ou a incompetencia, mesmo o abuso nalgún caso) na política educativa para o rural viñeron a substituír unha planificación axeitada á realidade dese contorno, un proxecto enfocado á calidade educativa, e unha pedagogía respectuosa coa infancia do país galego.

É comprensible pois que desde aqueles inicios dos anos 90 por aldeas e vilas de Galiza enteira se mobilizaran colectivos de docentes e familias nunha loita solidaria para impedir a aplicación de medidas drásticas dispostas desde a administración, dificilmente compatibles cunha pedagogía rural ou cos dereitos da sociedade rural. O nacemento e o mantemento durante case dúas décadas da MGER tivo (e segue a ter) sentido pois no apoio e fundamentación pedagóxica que veu ofrecendo a todos eses movementos defensores da escolarización no rural. A propia MGER, nas segundas xornadas que organizou sobre a educación rural, auto-definiuse como:

Un grupo de asociacións comprometidas coa educación que, ante a situación de progresivo abandono da educación no medio rural, opta por defender o ensino de calidade de todos os nenos que viven no medio rural. Un grupo que entende a educación como factor importante de desenvolvemento das persoas e das comunidades onde se desenvolven.

6.4. Funcionamento, evolución e accións significativas da MGER

Como plataforma de entidades (ben diferentes entre si) que é, a MGER toma as súas decisións a partir da análise conxunta dos asuntos que lle son propios, da confrontación de datos, do debate e da proposta de alternativas, pero chegar a acordos non sempre é doado, sobre todo en momentos críticos. Con todo, un talante flexible predomina no colectivo, e con xenerosidade as organizacións intentan acadar os consensos necesarios para fortalecer as decisións da plataforma.

Concretamente, no referente á recollida e interpretación de datos relativos a catálogos de postos de traballo, supresión de unidades, situación laboral do profesorado, regulamento de itinerancia, etc., as organizacións sindicais achegan un importante traballo á MGER. Paralelamente, no ámbito da fundamentación pedagóxica son os MRP os que exercen maior protagonismo. Na harmónica converxencia destas dúas culturas reivindicativas foise tecendo unha traxectoria de acción a nivel galego, integrada ao mesmo tempo na dinámica estatal dos MRP, cos que a MGER se veu coordinada a través de NEG desde o primeiro momento.

A partir do coñecemento da realidade galega e da súa escola rural, das innovacións pedagóxicas do momento e de fórmulas de planificación escolar alternativas, a MGER foi perfilando a finais dos anos 90 un plan específico de educación para o rural galego, enfocado ao desenvolvemento integral tanto da infancia como do propio contorno, e no marco dunha política racional que permitira un crecemento xusto dun medio rural de notables recursos afogados.

É no proceso de elaboración deste documento cando se considera cambiar a denominación da MGER, que pasa de ser “Mesa Galega da Escola Rural” a “Mesa Galega de Educación no Rural”, elaboración na que foi determinante a presenza do colectivo Preescolar na Casa, como promotor para o medio rural galego dun proxecto educativo modélico a partir dos 0 e ata os 3/6 anos, integrado nun enfoque interxeracional de formación familiar continua. A influencia de Preescolar na Casa na MGER alumea a idea de que un proxecto de desenvolvemento global tense que acadar desde o nacemento ata a adultez da persoa; esta formulación é vital na realidade galega, e ten máis transcendencia se cabe nun ámbito rural en fase de extinción, que con prema precisa ser mobilizado en todas as súas dimensións⁶.

A MGER dirixiu inicialmente as súas enerxías a intentar paralizar as numerosas supresións de unidades escolares impostas pola vía apresurada e repentina, denunciando situacións nas que os datos fríos da administración non contemplaban graves consecuencias sociais e non daban marxe

⁶ Considerando o (extenso) cometido da MGER, unha entidade interesada en todas as etapas de evolución da persoa e en todas as dimensións da educación, a substitución na súa denominación do termo “escola” polo de “educación”, máis integrador, produciuse de contado unha vez que os compoñentes da entidade decidiron reflexionar sobre esta cuestión.

a posibilidades reais de recuperación de matrícula. Sucederon moitos casos nos que eran factibles solucións positivas defendidas por familias e docentes, ben coñecedores das posibilidades certas, posibilidades que a administración ignorou o que, unha vez máis, provocou o desprazamento de parte da poboación moza ás vilas, fuxindo da incerteza á hora da escolarización das crianzas.

Outra das loitas da MGER centrouse en reclamar dotación de profesorado de apoio e especialistas para todas as unitarias, que permanecían nunha vergoñenta precariedade; como indicamos anteriormente, evidenciábase unha inxusta discriminación respecto dos CRA, que contaban cun adecuado cadro de persoal. Desde a MGER, e coa referencia da política de planificación educativa practicada noutras Comunidades Autónomas do Estado (que lle levaban algúns anos de adianto á da Consellería de Educación), reclamábase unha organización funcional que asegurase que todas as escolas rurais, formasen parte ou non dun CRA, dispuxesen da mesma dotación (por suposto isto implicaba que se elaborase sen máis demora o regulamento de itinerancias, cuxa inexistencia sufriu durante anos o profesorado dos CRA, pese ás demandas da MGER).

Para planificar estas medidas, a MGER defendía a necesidade da elaboración dun mapa escolar da realidade existente, e doutro mapa escolar baseado nun plan alternativo, máis o correspondente deseño dun proceso de tránsito do primeiro mapa ao segundo. A resposta da administración educativa a este asunto acabaría tendo gran transcendencia no futuro: afianzamento na negativa a desenvolver un plan específico para o rural, optando en cambio pola supresión urxente daquelas escolas que precisaban ser dotadas e protexidas.

Facendo política-ficción, se tal non tivera acontecido, unha considerable parte dos centos de unitarias pechadas desde entón permanecerían abertas aínda hoxe, e a fasquía da escola rural galega sería ben diferente: contaríamos cun modelo de calidade que garantise a estancia das nenas e nenos de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria na escola da súa aldea, que desenvolvería unha educación inserida no medio natural e revalorizaría a cultura rural; á par, unha reestruturación necesaria das concentracións comarcais favorecería que deixarían de ser centros masificados, desvencellados do seu contorno, e pasarían a ser centros con outras peculiaridades, ben dotados de profesorado para atender debidamente e con éxito aquelas aulas que abrangueran mestura de niveis (tal como poñen de relevo experiencias noutras xeografías); en definitiva, que o servizo público de educación de calidade estaría actualmente garantido no medio rural e, en consecuencia, teríase favorecido a fixación da súa poboación. Non foi o caso.

6.5. A elaboración do documento base da MGER

En vista do panorama presentado no punto anterior, a MGER viu necesario protagonizar a elaboración canto antes dun documento base que orientase un plan específico de educación no rural en Galiza, todo un reto que supoñía sobre todo ollar a longo prazo. Asumíase que os ambiciosos obxectivos desexados non se poderían satisfacer nun breve período de tempo, pero polo menos pretendíase frear de inmediato coas medidas destrutivas que se viñeran aplicando. Urxía tamén a procura dunha orientación pedagóxica atinada para unha infancia nese momento atendida contra natura no sistema educativo desde os máis tenros anos. Da mesma maneira, era conveniente introducir racionalidade no proceso de revitalización do mundo rural, que minorizase o éxodo ás vilas e cidades.

A elaboración dun documento que recollese nuns puntos mínimos o acordo de todas as organizacións da MGER, e que ao mesmo tempo ofrecese unha información adecuada para ser espallada e popularizada, esixiu un traballo intenso. O consenso de sínteses precisas resulta traballo complexo cando hai que encaixar visións de colectivos diferentes en tempos limitados, ao que se lle sumaban as dificultades e custes asociados á asistencia ás xuntanzas en Compostela de persoas que viaxan desde lugares de toda Galiza, a título voluntario, cando aínda non se popularizara a videoconferencia. Pese aos condicionantes e a prema de presentar nunhas xornadas este traballo, que habería de guiar as perspectivas e horizontes da MGER, finalmente o documento fíxose público en Compostela en marzo de 2000⁷.

Este logro dalgún xeito selou o pacto implícito dos compoñentes da MGER, e tamén permitiu expresar documentalmente de cara á Consellería de Educación e á opinión pública os argumentos dunha entidade que, mediante este manifesto, facía visible a súa presenza.




Ilustración 14. Capa dianteira do libro da MGER (2006).

⁷ Pode accederse directamente a este documento en MGER, 2006: 117-120 ou desde http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/A_educaci%C3%B3n_no_rural_en_Galiza.pdf



Ilustración 15. Capa traseira do libro da MGER (2006).

6.6. O libro da MGER⁸

Desde os seus inicios a MGER acubillaba a esperanza de elaborar unha publicación que ademais de difundir o seu propio labor como coordinadora, servira para ampliar a súa incidencia social, para difundir experiencias pedagóxicas (xurdidas en e) dinamizadoras do medio rural, e para favorecer estudos sobre a educación rural galega.

Malia que a MGER prevía que a humilde publicación estivera fóra do prelo en 2002, diferentes atrancos relacionados coa edición provocaron un retraso de catro anos, nos que só puido contar co apoio incondicional do mecenas Isaac Díaz Pardo, quen participando da causa e sen ningún ánimo de lucro, puxo á disposición da MGER os obradoiros de Gráficas do Castro/Moret. O resto foi un camiño ategado de cancelas pechadas: un libro crítico coa política das administracións educativas dificilmente ía gozar de subvención pública. Finalmente conseguíuse unha axuda da Deputación

⁸ Desde http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/A_educaci%C3%B3n_no_rural_en_Galiza.pdf accédese directamente a esta publicación.

da Coruña, e despois de moitas xestións no último momento a Consellería da Educación asumiu colaborar coa Deputación na distribución da publicación a centros de ensino e bibliotecas, labor que acabou sendo desastroso: á maioría de centros e escolas o libro non chegou, e cando chegaba aparentaba propaganda ao non vir acompañado da usual presentación oficial, necesaria a fin de que se lle prestara a atención que merecía, que acabou sendo escasa, para frustración da MGER e mal da escola rural unha vez máis.

En definitiva, despois da longa xestión, en agosto de 2006 sae á luz *A educación no rural en Galiza*, que xa no seu editorial amosa con claridade a postura da MGER respecto do título (p. 7):

[...] un alegato en defensa da educación rural. Esta defensa ten como principal fundamento considerar a educación como unha dimensión fundamental de desenvolvemento local, onde os servizos á infancia, a escola, están chamados a xogar un papel decisivo para facer fronte a problemáticas de illamento, de exclusión social que padece o rural galego. Porque o illamento das escolas vai unido ao illamento das comunidades e pechar escolas non é máis que apurar o proceso de desertización e de morte das propias comunidades.

Esta publicación pretende ir máis ao fondo da cuestión. Encarar o problema da escola como un problema interno do sistema educativo que agrava o problema de fondo: a supervivencia do medio rural. Isto obriga a pensar os modelos de sociedade e de desenvolvemento.

As escolas, a educación, poden constituírse nun pólo de desenvolvemento comunitario contribuíndo a xerar e alimentar dinámicas de acción local revitalizadoras do tecido social. Escolas rurais e comunidades poden —e deberían— ser encaradas como un campo de prácticas sociais innovadoras a nivel social e educativo.

A publicación integra vinte contribucións, froito de diferentes olladas sobre a educación no medio rural antes, agora e de cara ao futuro, agrupadas nos seguintes apartados:

- “Artigos para a reflexión” nos que, precedidos dunha presentación da propia MGER, se argumenta que o sistema educativo debe promover a capacitación das persoas, pero no seu propio medio, tal que lles permita no futuro transformar as potencialidades do contorno en beneficios persoais e colectivos. Deféndese tamén a heteroxeneidade nos agrupamentos escolares do alumnado, propia das escolas unitarias, como estratexia eficaz de cohesión social e aprendizaxe da convivencia.
- “Situándonos na realidade da escola rural”, no que se analizan as respostas que distintas administracións autonómicas ofrecen diante das peculiaridades da escola rural do seu territorio, e o valor que lle confiren.
- “O que é necesario ten que ser posible” era o lema de Antonio Gandoy (o fundador de Preescolar na Casa), quen defendía que cando existe o convencemento de que algo é xusto, téñense que procurar as fórmulas para levalo a cabo. Neste apartado pois recóllense experiencias actuais de educación no rural que confirman que hai formas exitosas de facer, se hai vontade, convencemento e recursos.
- “Cando os soños levan as respostas” recolle a voz dos nenos e das nenas do medio rural, depositarios da sabedoría popular; a súa lóxica esmagadora ten o inestimable valor de



Ilustración 16. Cartel das I xornadas de educación no rural da MGER (Lugo, 2002).



Ilustración 17. Noticia de prensa sobre as I xornadas de educación no rural da MGER (Lugo, 2002).

Fonte: xornal El Progreso, 17 de marzo de 2002.

converter en doado o que as e os adultos complicamos: os seus sonhos veñen cargados de respostas evidentes e razoables.

- “Tempos de antes, principios educativos de agora” trata das escolas rurais cunha perspectiva histórica, e pon o acento nos seus efectos de transformación comunitaria e transformación persoal. Á par da presentación de modelos educativos característicos do rural galego (escolas americanas, escolas de ferrado, escolas unitarias, Escola Agrícola de Barreiros-Sarria, escolas de montaña), ofrécese testemuñas dalgunhas persoas que recrean a súa infancia ligada a experiencias significativas relacionadas coa escola, e é que, en definitiva, a escola é algo propio, algo de cada nena ou neno.

- E uns “anexos”, nos que se inclúe o documento base da MGER, as súas demandas urxentes á Consellería de Educación, a organización das primeiras e segundas xornadas de educación no rural, e a entrada a debate deste tema no Parlamento Galego.

Concluía o editorial do libro cun desexo (p. 9):

Esperemos que esta publicación cumpra o obxectivo que a Mesa de Educación no Rural persegue: crear debate, reflexión e concienciación sobre unha educación digna e de calidade no medio onde se desenvolven as persoas. Unha educación a carón da persoa.

6.7. As primeiras xornadas da MGER

As “I xornadas de educación no rural” da MGER realizáronse na cidade de Lugo en marzo de 2002. Foron abertas a ensinantes, estudantes e persoas interesadas pola problemática do mundo rural, e convidouse a asistir especialmente ao profesorado das universidades galegas. Durante dous días de formación e debate, e con participación de especialistas de Galiza, Cataluña e Asturias, priorizouse a recolleita de boas prácticas educativas en todos os niveis do ensino, analizouse a evolución do sistema CRA en relación á situación das unitarias, revisouse a experiencia do “Grup Interuniversitari d’Escola Rural de Catalunya”, e valoráronse modelos de agrupamentos funcionais xa implantados que puideran servir de referencia de cara a formular un desexado proxecto de defensa e dinamización da escola rural galega e do seu medio.

As conclusións, nunha redacción concordante co espírito do documento base da MGER, desenvolvían un elemento esencial: a necesidade dun proxecto de formación inicial do profesorado que contemplase unha pedagogía específica para o rural. Con achegas doutras Comunidades Autónomas (Cataluña, Asturias, Castela-A Mancha) manifestábase a urxencia dun plan de dinamización da educación no rural de Galiza no que deberían implicarse as súas universidades como xa o facían as das comunidades mencionadas nos seus territorios. Da mesma maneira expresábase a prema en dispoñer dun plan de formación continua relacionado coa educación no rural que afectase a todo o profesorado, e no que debería comprometerse a Consellería de Educación.

6.8. As segundas xornadas da MGER e a implicación do Parlamento Galego

As “II xornadas de educación no rural” (que levaban por tema “Educación e desenvolvemento rural, o compromiso”), desenvolvéronse en 2004 na Facultade de Ciencias da Educación de Compostela (polo tanto, coa implicación de profesorado universitario); nelas presentouse un texto que pretendía materializar o desexo expresado nas anteriores xornadas, e que se sustentou no documento base da MGER de 2000. O escrito denominouse “Puntos para un plano específico para a educación no rural”, definidos desde “unha planificación consecuente cos principios dunha educación de calidade e integrada nun proxecto global de desenvolvemento do mundo rural galego”. Seguindo este compromiso afóndase nun discurso que valora a situación de subdesenvolvemento económico que padece o medio rural galego, e reclámase a necesidade de poñer en práctica novas alternativas.

Participan nas palestras do programa relatores significados na defensa do mundo rural, bos coñecedores da situación do agro galego e das súas posibilidades negadas. Novamente se insistiu nestas xornadas na importancia da formación inicial e continua do profesorado como preparación específica para traballar na educación rural, para o que se contou coa exposición do plan desenvolvido polo xa mencionado grupo interuniversitario catalán. Como nas anteriores xornadas vólvese instar ás universidades galegas a que asuman responsabilidades ao respecto.

Por aquel tempo a Xunta de Galiza seguía mantendo unha política para a escola rural (moi afastada da que reclamaba a MGER) baseada en criterios puramente económicos, e sen considerar outras alternativas pedagóxicas nin a elaboración dun plan integral de desenvolvemento do medio rural que integrase a dimensión educativa. Entendendo que o alcance da problemática rural sobordaba as competencias da Consellería de Educación, no ano 2003 a MGER acorda que debería ser o Parlamento Galego quen estudase esta cuestión; así, entrevístase cos representantes dos tres grupos parlamentarios ante os que reivindica a creación con carácter de urxencia dunha comisión de estudo, investigación e proposición de alternativas dedicada en exclusiva á educación no medio rural, na que se contara coa participación da MGER. Neses encontros tamén se aproveitou para convidar aos representantes parlamentarios ás II xornadas a fin de se posicionaren publicamente sobre a creación da referida comisión e sobre a pertinencia dun enfoque global no tratamento do problema, que se concretase nun plan de acción específico.

Satisfeita a petición, finalmente unha “aparente” comisión comezou a traballar xa entrado 2005, pero a consecuencia da convocatoria de eleccións dese ano e á suspensión da actividade parlamentaria, escasamente se reuniu en catro ocasións (nunha delas contando coa representante da MGER), polo que nunca chegou a elaborar proposición legislativa nin resolución de ningún tipo (López Pardo e Fernández, 2006: 77): un novo tren que pasaba para a escola rural galega, quizais o último.

6.9. Un activo compromiso na defensa do legado de Preescolar na Casa

Como non podía ser doutro xeito, era máxima a consideración que a MGER albergaba polo traballo que Preescolar na Casa viñera desenvolvendo nos seus 35 anos de percorrido. Un programa que nacera para o desenvolvemento integral da criatura rural no seo da familia, que apostaba por unha parentalidade positiva no coidado do neno ou nena, que



Ilustración 18. Cartel das II xornadas de educación no rural da MGER (Compostela, 2004).



Ilustración 19. Imaxe corporativa da Fundación Preescolar na Casa. Fonte: <http://www.preescolarnacasa.org/blog>

baseaba a súa acción na integración da/do pequeno no seu contexto cultural, lingüístico e natural, que tiña sido recoñecido en congresos estatais e internacionais como referente modélico para a educación da infancia, non podía ser que vira ameazada a súa continuidade fundamentalmente por falta de financiamento da Consellería de Educación.

Pero foi precisamente iso o que aconteceu en 2012, momento no que a Xunta de Galicia impón unha agresiva política de recortes, especialmente significativos no eido educativo, que poñen o programa nunha situación límite. A MGER opúxose frontalmente a tal atropelo, e xa non só porque a Fundación Preescolar na Casa formase parte da plataforma, ou porque se apartaba do traballo a moitas/os profesionais que viñeran desempeñando con esmero o seu labor, ou porque non se accedera a unha negociación que flexibilizara o impacto do peche drástico, senón e sobre todo porque se deixaba absolutamente desamparadas a case 4.000 familias galegas que viñan recibindo cada ano do programa un servizo absolutamente imprescindible para a crianza dos nenos e nenas, e para o que practicamente non había ningunha outra alternativa.

A intensa actividade desenvolvida pola MGER en defensa de Preescolar na Casa canalizouse a través de numerosas vías, pero a Consellería non mudou a súa postura ao respecto, así que unha das mellores experiencias pedagóxicas da historia de Galiza viuse obrigada a parar: o programa desapareceu, a Fundación entrou en concurso de acredores, os seus fondos foron obxecto de poxa, e unha parte da educación no noso rural, outra vez, quedou desamparada e fóra da atención da administración autonómica; un lamentable fracaso para toda a sociedade galega.

Pero o servizo que o programa ofrecía seguía sendo demandado polas familias así que, a raíz da creación no 2013 da Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy (formada por antigas traballadoras de Preescolar na Casa, e que afortunadamente consegue facerse co fondo material da Fundación), estase a retomar a acción profesional cos mesmos criterios pedagóxicos nos “espazos das familias”, coa diferenza principal de que agora non é posible ofrecela gratuitamente.

Malia o duro golpe que significou a desaparición de Preescolar na Casa, o nacemento da asociación Antonio Gandoy, que viña a ser herdeira principal do seu legado pedagóxico e material, foi unha noticia esperanzadora para a MGER, e polo tanto cubriu de inmediato nesta o posto que tiña deixado vacante o programa.

6.10. A MGER e a defensa da educación no rural galego hoxe: actualización do documento base

Nos últimos anos, e xa nesta década de 2010, a actividade da MGER viuse prolongada por mor da persistencia de vellos problemas e polo xurdimento doutros novos: a supresión de unitarias, a eliminación de unidades nos colexios da montaña lucense, a amortización de prazas docentes nos colexios rurais, a aprobación en decembro de 2013 da nova lei educativa (LOMCE) e o seu atropelado desenvolvemento en setembro de 2014, a aprobación do currículo de educación primaria, etc. Sobre todo a MGER implicouse en apoio das activas familias e docentes da montaña lucense (“Plataforma pola defensa da montaña e do rural”) que denunciaban a situación en que a administración educativa estaba deixando as súas escolas, e que organizaron actos en 2012-2013 con certa repercusión mediática como o camiño ata Santiago e ata Fisterra para demandar a protección das escolas rurais.

Pero a MGER non podía esquecer o fin que a movía desde os seus inicios, e que quedaba sinteticamente expresado na contraportada do “seu” libro (MGER, 2006):

É necesaria unha planificación consecuente cos principios dunha educación de calidade e integrada nun proxecto global de desenvolvemento do mundo rural galego. Trataríase dunha planificación que dese prioridade á resposta aos dereitos da infancia a recibir atención educativa no seu medio e recoñecese a utilidade social da escola no seu papel de revitalizadora das comunidades rurais.

Por este motivo a MGER levaba desde 2012 revisando o “seu” documento base de forma que recollese o espírito dos textos de 2000 a 2004, pero dunha maneira concreta e actualizada tal que permitise orientar outra política educativa para o medio rural. Despois de moitas roldas de contactos, e coa integración de achegas ofrecidas por especialistas alleos á MGER, finalmente en novembro de 2013 preséntase en Compostela (e días despois en Lugo) o “Documento base da Mesa Galega de Educación no Rural fronte ás políticas involucionistas da administración educativa galega en materia de educación no medio rural”, título que en si mesmo xa revela o espírito do texto⁵.

O documento parte dun diagnóstico da situación xeral no rural galego, argumentando novamente a necesidade dun plan de desenvolvemento socio-económico integral do medio, participado por todos os axentes oficiais e comunitarios afectados, dentro do que a cuestión educativa debería ser especialmente tida en conta. A continuación ofrece dezanove propostas de política educativa que, ao entender da MGER, a administración galega debería implementar como “plan de educación específico para o rural”, a fin de permitir que os nosos nenos e nenas rurais puidesen recibir un servizo escolar digno do século XXI no seu propio medio, e nunhas condicións tamén respectuosas co labor que desempeñan as e os profesionais da educación no rural. Está en xogo, nada máis e nada menos, que a supervivencia das comunidades rurais galegas e da súa cultura, naquelas aldeas que aínda quedan habitadas.

As medidas propostas polo documento e a rotundidade da súa redacción chamaron a atención dos medios, pero agora agárdase sobre todo que poidan provocar algunha reacción ou toma de postura práctica por parte do Parlamento Galego, xa que ao pouco da presentación pública do texto a

⁹ Desde <http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/documentobasemesarural.pdf> accédese directamente a este documento.



Ilustración 20. Presentación do documento base actualizado da MGER na Galería Sargadelos de Compostela, o 27 de novembro de 2013. Fonte: Xornal dixital AVANTAR (CIG), <http://www.galizacig.gal/avantar/novas/27-11-2013/a-mesa-galega-de-educacion-no-rural-demanda-medidas-economicas-de-discriminacion-po>

MGER dirixiuse outra volta aos grupos parlamentarios para que se implicasen retomando a actividade da comisión que anteriormente se puxera en marcha. A resposta do grupo parlamentario popular á creación da nova comisión foi negativa, actitude que censuran os grupos da oposición á par que comprometen o apoio ao documento da MGER e a outras alternativas que se propoñan.

No tocante á actividade de organización de xornadas de encontro e formación sobre a educación no rural, despois da realización das segundas xornadas (2004) a MGER viu moi condicionada a súa capacidade de acción, polo que tivo que renunciar a continuar nesa liña. A situación evidencia a precariedade de recursos humanos e económicos na que se veu manexando a MGER nos últimos anos, a causa dos recortes nas axudas públicas aos MRP e no persoal liberado (as organizacións que configuran a MGER sufriron sobrecarga debido ao exceso de cometidos e a escaseza de persoal).

Pero entre tanto, o labor da MGER continúa de cara ao futuro, e cunha nómina relevante de asuntos que atender. A súa presenza segue a ser necesaria.

7. REFLEXIÓNS FINAIS: UNHA LECTURA DA SITUACIÓN ACTUAL E MIRANDO AO FUTURO

Desde que a MGER organizou as xornadas de 2002 e 2004 numerosas entidades (sindicatos, MRP, asociacións culturais, ANPA, concellos, etc.) teñen tomado felizmente a iniciativa de



Ilustración 21. O xogo tradicional véñse traballando como ferramenta pedagóxica nas escolas rurais galegas desde os anos 70..

promover documentos, actividades ou encontros de formación e reflexión nos que a aposta pola educación no medio rural xoga un papel relevante. Quizais sexa NEG quen máis se teña destacado ao respecto, pois na última década leva xa organizado oito edicións do “Encontro de debate sobre o medio rural”,¹⁰ dez das “Xornadas interxeracionais rurais” de Cabreiros-Xermade, e algún seminario específico sobre materiais didácticos para o medio rural.

Por outra banda, percíbese nos últimos tempos certa efervescencia de experiencias de innovación pedagóxica que agroman en colexios e escolas rurais diseminadas por todo o país, o que

¹⁰ Ante a imposibilidade da MGER de continuar coa organización das “súas” xornadas de encontro e formación sobre a educación no medio rural, NEG asumiu pola súa conta esa misión, dando comezo en 2006 a unha nova etapa de xornadas baixo un novo formato denominado “Encontro de debate sobre o medio rural”. Ata o momento leva organizados os seguintes:

I. “Medio rural galego: a necesidade dunha resposta alternativa”. Compostela, outubro 2006.

II. “Unha ollada ao futuro da educación rural”, Chantada, novembro 2007.

III. “Medio rural galego: educación e territorio”. A Capela, novembro 2008.

IV. “Os nosos proxectos acadando as competencias básicas”. Boimorto, novembro 2009.

V. “Por unha educación permeable á cultura popular”. Allariz, febreiro 2011.

VI. “As escolas de emigrantes”. Devesos-Ortigueira, marzo 2012.

VII. “Cultura e sociedade. Homenaxe a Avelino Pousa Antelo e a Valentín Arias López”. Granxa de Barreiros-Sarria, setembro 2013.

VIII. “Alternativas de desenvolvemento rural comunitario“. Samos, realizárase en marzo de 2015.



Ilustración 22. A avoa ensina a cultivar o horto escolar.

se evidencia nos abondosos certames pedagóxicos de ámbito autonómico e estatal que ano a ano galardoa a centros rurais galegos (moi especialmente nos eidos da lectura, das bibliotecas escolares e das novas tecnoloxías). É lóxico: a literatura científica sobre educación no rural vén argumentando desde hai tempo que nas escolas rurais, se se dan as condicións adecuadas, poden facerse pedagogías de vangarda e, á par, acadar óptimos resultados académicos no alumnado.

Sirvan ao respecto de exemplo a escola de Lago (CRA de Valdoviño), ou o CEIP Mosteiro de Caaveiro (A Capela), ou o CPI Virxe da Cela (Monfero); ou o CRA Nosa Señora do Faro (Ponteceso) e o CRA de Boqueixón-Vedra, escolas pioneiras no uso das TIC aplicadas á educación, que teñen recibido numerosos premios (algúns de alcance internacional) por promover, entre outros,



Ilustración 23. A cultura tradicional recreáase na escola da aldea.



Ilustración 24. O propio contexto é o patio de xogo.



Ilustración 25. Viñeta 4 de Andrade.

os avanzados proxectos pedagóxicos “CRAescuela.net” (<http://www.craescuela.net>) e a “Rede de Escolas na Nube” (<http://www.escolasnanube.net>), respectivamente.

Tampouco podemos deixar de citar aquí o notable labor da asociación pedagóxica e cultural “Ponte... nas ondas”, que en 2014 xa chegou á vixésima edición da súa xornada multimedia de comunicación¹¹, un fermoso proxecto digno de todo eloxio que liga as escolas da raia galego-portuguesa a partir do patrimonio cultural compartido. Ademais a asociación vai activar novamente a candidatura para que a UNESCO inscriba na súa listaxe representativa de Patrimonio da Humanidade o patrimonio inmaterial galego-portugués.

As iniciativas que vimos de amosar (de entre moitas que existen), que revelan a boa saúde pedagóxica dunha parte dos docentes rurais e das súas escolas, non nos deben levar a engano. En efecto, a realidade das aulas indícanos que seguen a padecerse problemas enquistados (proba disto son as numerosas mobilizacións de familias rurais de moitos puntos da xeografía galega nos últimos anos, en contra de certas decisións da Consellería de Educación) que só a mudanza da política educativa para o rural podería remover, tal como argumenta o documento base da MGER de 2013. Habería que afirmar pois que a situación actual da educación no medio rural galego préstase a unha visión dual.

E é que necesidades hai moitas: un currículo adaptado ao medio rural, unha planificación escolar que contemple os agrupamentos funcionais, unha rede de comedores escolares en condicións,

¹¹ A materialización desta xornada escolar multimedia vén de ser recoñecida co premio Ondas 2014 á cobertura informativa. Os “Ondas” son os prestixiosos galardóns que concede anualmente Radio Barcelona-Cadena SER a profesionais de radio, televisión, cine e música en España.



Ilustración 26. Escola unitaria abandonada.

unha maior oferta educativa nas etapas de educación secundaria, un re-deseño das rutas de transporte dalgúns centros (extremadamente esixentes para o alumnado), etc.

É preciso ademais un plan de fomento e estímulo da escola rural: que recoñeza e premie o profesorado que traballa nas unitarias (tamén con complementos económicos xustos), que favoreza a súa permanencia, que promova a elaboración de materiais educativos adaptados ao medio rural, que dote adecuadamente estes centros de profesorado especialista, que corrixa os problemas de conexión á rede dalgúns centros, e que dispoña dun programa de formación continua especializado na escola rural.

Lamentablemente nalgúns casos xa é tarde; é o que lle pasou ao modelo CRA: unha iniciativa interesante da administración que quedou reducida a unha trintena de experiencias debido ás limitacións e esixencias impostas na normativa ás unitarias interesadas en agruparse, o que impediu estender este modelo mentres houbo escolas abundas. Algo parecido aconteceu coa zonificación escolar demandada polos colectivos docentes, que podía chegar ser unha resposta adecuada e adaptada a certas zonas do territorio rural galego, pero que apenas tivo materialización na práctica.

Por último, non parece moi defendible que nos tempos que corren a administración galega siga sen ter en conta, á hora de decidir se mantén ou non en activo unha escola rural, outros criterios sociais ou pedagóxicos diferentes ao número de crianzas matriculadas, cruel espada de Damocles que pendura sobre as que aínda fican abertas. Se a isto lle xuntamos o derrubo da natalidade galega

(sobre todo no rural), a negativa influencia da crise económica e dos recortes dos orzamentos públicos na educación, ou a política de desenvolvemento económico da Xunta de Galiza dirixida ao medio rural, é difícil ser optimista.

Afirmaba recentemente a especialista en economía agraria Mar Pérez Fra nunha conferencia¹² en Negreira que “o 87% do territorio de Galicia presenta características demográficas, económicas e sociais que permiten definilo como un espazo rural”, pero neste amplo territorio xa unicamente reside un 33% da poboación galega, “estadísticas que sitúan a Galicia ante un panorama de desequilibrio demográfico” preocupante e cada vez máis acrecentado, que as políticas agrarias e de desenvolvemento económico rural ata agora implementadas poden parcialmente explicar. Pero tamén ten contribuído decisivamente á intensificación do despoboamento rural e do envellecemento da súa poboación o éxodo á vila ou á cidade de moitas familias rurais con crianzas (en parte obrigadas polo peche da escola do lugar, ou pola menor oferta de servizos básicos na zona), feito que compromete de maneira crítica a mesma supervivencia das aldeas a medio prazo, e favorece polo tanto o desmantelamento do rural.

A propósito disto, é significativo que desde hai anos para a administración galega as unitarias xa non existan como tales, pois oficialmente denomínanse “Escolas de educación infantil”, o que implica que (a diferenza doutras Comunidades Autónomas onde estas escolas contan tamén, se non coa etapa completa, polo menos cos primeiros anos da educación primaria), a Consellería de Educación se inclina a considerar que estes centros preferiblemente deben atender o tramo 3-6 anos. Tendo en conta o índice de natalidade no rural galego, esta redución do intervalo de idades do alumnado ao que dan servizo as escolas rurais provoca severas dificultades para acadar o número mínimo de matrículas cada mes de setembro, a fin de mantelas abertas. De novo, un círculo vicioso.

En realidade estes corenta anos de loita pola educación no rural (en esencia, polo seu mantemento) víronse definidos en boa medida pola política de fomento das concentracións escolares e peche das escolas unitarias, un proceso iniciado arredor de 1970 e que permaneceu no tempo, salvo certas intermitencias (anos 1982 e seguintes), ata o punto de que a maioría da actividade dos colectivos pedagóxicos e comunitarios que traballaron desde entón neste eido, centraron precisamente a súa actividade na oposición á concentración do alumnado en macro-centros.

Lamentablemente a clausura de escolas rurais non é só un fenómeno do pasado: nos últimos dez anos aínda se pecharon unhas 160 escolas unitarias por toda a xeografía de Galiza¹³. Na actualidade sobreviven en activo unicamente 117 unitarias independentes e algo máis de 200 formando parte dos 27 CRA, nunha paisaxe que hai varias décadas estivo poboada por máis de mil. Das que xa non albergan actividade escolar, varios centos son dedicadas a usos diversos (local da veciñanza,

¹² Desde http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014_11/noticia_0025.html accédese directamente á síntese desta conferencia (Xornal electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2014).

¹³ Pero os peches tamén afectan desde hai anos a pequenos colexios rurais incompletos e mini-concentracións. Como exemplo deste proceso de redución da escola rural sirva indicar que actualmente na provincia de Lugo queda só unha unitaria en activo e ningún CRA, e catro unitarias na de Ourense máis as agrupadas nos CRA de Monterrei e Ribadavia.



Ilustración 27. A escola rural: pasado, presente... e futuro?

espazo municipal para actividades formativas, tele-centro, albergue de peregrinos, vivenda municipal ou privada, etc.), pero outras¹⁴ están nun estado que pivota entre a decadencia e a ruína total, tanto das instalacións como dos recursos materiais do interior, sometidos a pillaxe e actos vandálicos. É como se á Consellería de Educación só lle interesara clausurar e desentenderse do equipamento interior, asumindo que o investimento en materiais xa foi amortizado, nunha evidente mostra de abandono ou mala xestión de recursos públicos¹⁵.

O panorama de claroscuros que vimos de ofrecer, indúcenos a crer que os vindeiros anos van ser decisivos para a supervivencia da rede de escolas rurais diseminadas polo territorio galego. Para asegurar a súa continuidade, para albiscar esperanzas de mellora, entendemos que hai tres condicións que necesariamente deberían concorrer:

- As escolas do rural teñen que ser percibidas pola poboación como escolas de notable calidade pedagóxica, tal como xa acontece noutras Comunidades Autónomas. É prioritario para o mantemento do seu funcionamento que as familias sintan que a escola da aldea é o lugar adecuado para educar o seu neno ou nena, de tal maneira que sexa a propia comunidade e non só as e os docentes quen se implique na defensa destes centros. Loxicamente, aquelas escolas que están apostando por unha actividade educativa sustentada na

¹⁴ O Ministerio de Facenda ten catalogado xa máis de cincocentas escolas abandonadas en Galiza, a través da enquisa de infraestruturas locais.

¹⁵ Poñamos como exemplo disto o CEIP Aníbal Otero (Ribeira de Piquín, Lugo) pechado hai dous anos: aínda garda no interior parte do material que viña utilizando (mobiliario, materiais didácticos, libros da biblioteca, material de laboratorio, etc.), potencialmente aproveitabile noutra escola, pero na práctica en acelerado proceso de deterioro.

innovación pedagóxica terán máis posibilidades de permanecer: incorporación das novas tecnoloxías da información á acción educativa diaria das escolas (que tamén lles permita traballar en rede), comunidades de aprendizaxe, escolas como entidades dinamizadoras do desenvolvemento comunitario, escolas como axentes que poñen en valor e recrean a cultura rural, etc.).

- Flexibilidade por parte da Consellería de Educación á hora de decidir se mantén abertas ou non escolas con pouco alumnado, atendendo a máis razóns alén da cuestión da matrícula. Ao contrario, na liña do que argumentamos máis arriba, a administración debería amosarse pro-activa, tanto na atención que lle dispensa ás escolas rurais, como na divulgación e dignificación pública do labor que realizan.
- Un novo plan de choque contra o despoboamento rural, que permita frear a agónica caída da natalidade (que por si mesma xa provoca o peche dos centros). Necesítanse xerar condicións económicas viables, diversificadas e baseadas no desenvolvemento sustentable, que fagan o rural atractivo tamén para outras persoas que aínda non viven nel. Esta intervención debería ser asumida como un compromiso de toda a sociedade galega, na que as administracións e as entidades rurais haberían de colaborar man con man a fin de acordar e priorizar as medidas máis urxentes para satisfacer as necesidades da poboación que vive ou que potencialmente podería vivir no medio rural.

Está claro: se ollamos cara adiante aínda percibimos que queda un treito longo por percorrer; hai moito polo que seguir batallando en beneficio da educación no medio rural galego, responsabilidade que é, en definitiva... unha teima sen acougo.

8. A MODO DE SÍNTESE

Neste exercicio de memoria que vimos de realizar intentamos deixar constancia daqueles aconteceres máis relevantes da acción comunitaria en defensa da educación rural en Galiza nos últimos corenta anos. Non cabe dúbida que a memoria é fraca e mesmo selectiva, así que asumimos que a elaboración dunha historia completa das loitas pola mellora da educación no medio rural galego á forza ofrecería moitos máis elementos de análise que os que figuran nesta modesta contribución.

En calquera caso, temos deixado constancia das mobilizacións sociais máis relevantes naquel lapso temporal (animadas por docentes, familias e outros axentes da comunidade), comezando polo rexeitamento da Escola-Fogar de San Román de Cervantes a finais dos 70, pasando pola oposición á ampliación das concentracións escolares da comarca de Ordes a mediados dos 80, e rematando coa resistencia á supresión do programa Preescolar na Casa no ano 2012.

Isto conseguiuuse en boa media porque a mediados dos 70 as e os docentes rurais decidiron unirse para expresar publicamente as súas demandas. Así, á aquel primeiro grupo de mestras de montaña seguiron as asociacións de pedagogía Freinet ACIES e MCEPG, e nos inicios dos 80 a creación do Colectivo Pedagóxico Estiño, e a configuración dos MRP Nova Escola Galega e Asociación Socio-Pedagóxica Galega, entre outros moitos. A finais dos 80 comezan a aparecer as plataformas; primeiro a Coordinadora da Escola Rural de Galiza, que participaba na Coordinadora

Estatual de Escuela Rural; despois, a mediados dos 90 xorde a Mesa Galega de Educación no Rural (nos primeiros anos baixo o rótulo Mesa Galega da Escola Rural) que participaba na Mesa Estatal de Escuela Rural, dentro da Confederación Estatal de MRP, cos que había fluída comunicación. Finalmente, formalízase AMCRAGA en 1997, aínda que os seus membros viñan colaborando desde 1989.

A coordinación entre persoas e entre colectivos xera enriquecemento e multiplica posibilidades; por iso puideron ir aparecendo diferentes documentos que apostaban por outra política educativa para o rural galego, entre os que salientamos: o proxecto de escolarización para as zonas de alta montaña lucense de finais dos 70, o proxecto alternativo de escolarización para a comarca de Ordes de 1986, ou os sucesivos documentos da MGER (o orixinal do 2000, o de 2004, e o definitivo de 2013) a prol dun plan de educación no rural inserido dentro dun proxecto de desenvolvemento integral para o medio rural galego.

Non foi raro que estes documentos xurdiran ao calor de encontros ou seminarios de formación docente, entre os que citaremos como máis relevantes as xornadas anuais de escola rural organizadas por NEG (varias edicións desde 1986), os foros e xornadas de formación dos CRA de Galiza organizadas por AMCRAGA (once edicións entre 1989 e 2010), e xa a partir de 2002 as primeiras e segundas xornadas de educación no rural da MGER ou os encontros de debate sobre o medio rural de NEG.

Pero ao longo de todo o período revisado aconteceron outros moitos fitos destacados a prol da educación no medio rural, entre os que habería que significar a actividade do programa Preescolar na Casa durante 35 anos, o nacemento en 1988 dos primeiros CRA galegos, a creación da comisión para o estudo da situación da escola rural no Parlamento Galego en 2005, a edición do libro da MGER en 2006, ou a constitución en 2012 da “Plataforma pola defensa da montaña e do rural”, por só citar algúns exemplos.

Os retos que pesan neste momento sobre a educación no medio rural galego son numerosos, complexos e, ademais, a meirande parte deles son históricos: veñen de lonxe. A situación dista bastante de ser satisfactoria, así que o labor das entidades que defenden outra política educativa para o rural prevese longo, entre tanto existan aldeas habitadas no país.

REFERENCIAS

- Arias, Valentín (1975). A escola rural en Galicia. En Domingo García-Sabell e outros, *A Galicia rural na encrucillada*. Vigo: Galaxia, páxs. 249-288.
- Berlanga, Salvador (2003). *Educación en el medio rural: análisis, perspectivas y propuestas*. Zaragoza: Mira.
- Boix, Roser (1995). *Estrategias y recursos didácticos en la escuela rural*. Barcelona: Graó.
- Boix, Roser (coord., 2004). *La escuela rural: funcionamiento y necesidades*. Madrid: CissPraxis.
- Bustos, Antonio (2007). Enseñar en la escuela rural: aprendiendo a hacerlo. Evolución de la identidad profesional en las aulas multigrado. *Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado*, 11, 3, 26 páxs. Disponible en <http://www.ugr.es/~recfpro/rev113COL5.pdf>
- Bustos, Antonio (2011). *La escuela rural*. Barcelona: Mágina-Octaedro.

- Caride, José Antonio (1986). ¿Escola rural galega? Cinco reflexións ó redor dun interrogante. *Revista Galega de Educación*, 3, páxs. 6-7.
- Carujo, Rosa M. e outros (2002). O proxecto CRAescuela.net. En Eulogio Pernas e M. Isabel Doval (eds.), *Novas Tecnoloxías e Innovación Educativa en Galicia. Átomos e bits na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 321-333.
- Colectivo “Campos de Castilla” (1987). *La escuela rural: una propuesta educativa en marcha*. Madrid: Narcea.
- Corchón, Eduardo (2000). *La escuela rural: pasado, presente y perspectivas de futuro*. Vilassar de Mar (Barcelona): Oikos-Tau.
- Costa, Antón (1986). Entre a vella e a posible escola rural galega. *Revista Galega de Educación*, 3, páxs. 8-13.
- Costa, Antón (2004). *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX)*. Vigo: Xerais.
- Dapía, María Dolores e Cid, Xosé Manuel (coords., 2000). *25 anos de pedagogía Freinet en Galicia: da escola rural á educación social. Actas das Xornadas sobre os 25 anos de Freinet en Galicia*. Vigo: Universidade de Vigo.
- De la Fuente, Manuel (2009). *Maestra rural y cambio social. Un estudio sobre el papel de la maestra en la transformación histórica, política y social*. Santander: Consejería de Educación de Cantabria.
- Domínguez, M. Teresa; López, Clara M. e Pino, Margarita R. (2001). *Escuela rural: una apuesta de futuro*. Vigo: Asociación de Renovación Pedagóxica “Ponte Internacional de Tui”.
- Ferradás, Lois (2004). *Medrando na comunidade. A contribución de Preescolar na Casa á educación infantil en Galicia*. Lugo: Fundación Preescolar na Casa.
- Iglesias, Luis F. (1995). *La escuela rural unitaria. Fermentario para una pedagogía creadora*. Buenos Aires: Magisterio del Río de la Plata.
- López Pardo, Alicia e Fernández, Concha (2006). Algo de historia e actualidade para coñecer a Mesa de Educación no Rural. *Revista Galega de Educación*, 35, páxs. 74-77.
- López Pardo, Alicia e Vázquez, Isabel (2005). As mestras de montaña (1975-1984). *Revista Galega de Educación*, 34, páxs. 35-42.
- Mesa Galega de Educación no Rural (2006). *A educación no rural en Galiza*. Sada: Eds. do Castro.
- Morán, Carmen e Rouco, Javier Francisco (1998). La educación infantil en el medio rural: ni completa ni rural. *Aula de Innovación Educativa*, 77, páxs. 37-42.
- Paz, Sara e Armesto, Celia (coords., 1999). *Preescolar na casa. Educación infantil familiar: unha utopía realizable*. Lugo: Cáritas Lugo.
- Santamaría, Rogeli (2012). Un poco de historia de la escuela rural en España. *Portal escolarural.net*, 9 páxs. Disponible en http://escuelarural.net/IMG/pdf/UN_POCO_DE_HISTORIA_DE_LA_ESCUELA_RURAL_EN_ESPANA.pdf
- Sanz, Juan (1983). *La escuela rural. Métodos y contenidos. Mesones de Isuela: una experiencia de libertad*. Madrid: Zero ZYX.
- Sauras, Pedro e outros (1998). *Trabajar en la escuela rural. ¿Trabajar en la escuela rural? ¡Trabajar en la escuela rural!* Madrid: Confederación Estatal de Movimientos de Renovación Pedagógica.

- Segovia, Ángel (2011). Os colexios rurais agrupados, outro modelo de educación rural en Galicia. *Revista Galega do Ensino*, 62, 5 páxs. Disponible en <http://www.edu.xunta.es/eduga/node/44/nosa-escola/os-colexios-rurais-agrupados-outro-modelo-educacion-rural-galicia>
- Serrano, Agustín (1946). *La escuela rural*. Madrid: Escuela Española.
- Suárez, Mercedes (2004). O camiño de ida e volta á escola: crónicas autobiográficas da escola rural galega. *Innovación educativa*, 14, páxs. 357-367.
- Uttech, Melanie (2002). *Imaginar, facilitar, transformar: una pedagogía para el salón multigrado y la escuela rural*. Barcelona: Paidós.

